

Regulamento de Funcionamento do Servizo “Madrugadores” - O PINO

1. Poden asistir TODOS os rapaces de Infantil e Primaria. O requisito é estar escolarizado no CPI Camiño de Santiago e ser socios da ANPA.
2. O horario será dende as **7:45 horas** da mañá e ata a entrada na clase, 09:30. Os usuarios/as deberán ser acompañados en todo momento por un adulto ata a entrada no servizo.
3. No tempo de permanencia no servizo desenvolveranse actividades acordes ca idade dos asistentes.
4. Pódese elixir **modalidade de asistencia**:
 - Gardería 30 euros o mes
 - Gardería e almorzo 40 euros o mes
 - Días soltos: Gardería 3 euros
 Gardería e almorzo 4 euros
5. O importe deberá aboarse nos 5 primeiros días de cada mes; de forma directa (entregarase un recibo) ou facendo un ingreso na conta do BBVA nº ES23 0182-2374-28-0201518447 e deben entregar un resgardo dese ingreso.
6. O almorzo consiste de forma básica e diaria en leite, cola - cao e galletas, cereais ou torradas con marmelada. Incorporarase tamén froita de tempada.
7. Para calquera dúbida poden chamar sempre que o desexen. O teléfono e persoa de contacto é: **Begoña 677 555 748**
8. As baixas no servizo deberán comunicalas con antelación.
9. A asistencia de máis de 10 días, pasará a ser mes completo.
10. Na modalidade de **“DÍAS SOLTOS”** hai que avisar con antelación o importe terá que aboarse no mesmo día que se fai uso so servizo. Dánselle os cartos á monitora encargada do servizo.
11. No momento de facer a matricula, deberán cubrir e asinar a ficha de autorización que se adxunta na que se acepta este regulamento.